



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los Planes de Ordenación del Espacio Marítimo de Segundo Ciclo**.

A finales de 2025 se inició el procedimiento de evaluación ambiental ordinaria de los “Planes de ordenación del espacio marítimo de segundo ciclo”, que incluye el procedimiento por el que los borradores de planes y el documento estratégico inicial se someten a consultas con las Administraciones Públicas afectadas y las partes interesadas.

Sin embargo, aunque los documentos citados reconocen que “la tecnología flotante no está tan madura como la de cimentación fija”, o que la información sobre la actividad pesquera es “inexistente o incompleta”, el Gobierno del Estado quiere acelerar definitivamente la instalación de plantas eólicas marinas en las zonas de alto potencial identificadas en los Planes de Ordenación del Espacio Marítimo (POEM).

Y a la vista de la consulta previa a los implicados que está realizando el Ministerio de Transición Ecológica para posteriormente elaborar la normativa que regule el procedimiento de subasta de las instalaciones eólicas marinas, las declaraciones del Gobierno gallego, a través de su Consejera de Economía e Industria, exigiendo que “Galicia sea una de las primeras comunidades donde empiecen a realizarse las subastas” resultan vergonzosas e incomprensibles si la Xunta quiere respetar y defender el futuro de la actividad pesquera y la salvaguarda de la biodiversidad.

Así, el Gobierno gallego ha manifestado en una respuesta escrita al BNG que “desde el primer momento, la Xunta tuvo claro que este desarrollo exigiría unas garantías claras de coexistencia y compatibilidad con el medio marino y con las actividades que ya se están desarrollando, especialmente la pesquera... Por ello, antes de hablar de proyectos concretos, Galicia siempre quiso que el Gobierno central despejara todas las dudas tras la aprobación de los POEM. Al margen de la información tenida en cuenta en el proceso de elaboración, la Xunta de Galicia sí considera que la planificación de los espacios marítimos por parte del Gobierno central se hizo sin un consenso real con la Xunta, el sector marítimo-pesquero y la industria”, pero ahora parece que el mismo Gobierno considera que las dudas que quedaban tras la aprobación del POEM han desaparecido y que ahora existen “claras garantías de



coexistencia y compatibilidad con el medio marino y con la actividad ya implantada, especialmente con la actividad pesquera".

Nada más lejos de la realidad, pues Galicia sigue siendo la primera potencia pesquera del Estado y una de las primeras de la UE, mientras que la actividad marisquera y mejillonera se extiende a diferentes puntos de nuestras costas que se verían afectados por las instalaciones asociadas a la eólica marina, siguen sin facilitarse informes (ni por parte del Gobierno del Estado ni de la Xunta) sobre el impacto del desarrollo de la eólica marina en el sector pesquero y los ecosistemas marinos, el impacto claro sigue siendo no solo directo sobre el sector pesquero sino también sobre las múltiples actividades económicas relacionadas con él, y se sigue ignorando que Galicia ya cumple los objetivos de contribución renovable a la generación eléctrica fijados en el Plan Nacional Integrado de Energía y Clima (PNIEC).

Además, una vez más, el documento del Gobierno del Estado referente al POEM de Segundo Ciclo refleja claramente la ausencia de estudios en torno a la pesca y el marisqueo, habla de la importancia del “sector económico” pero sin evaluar el valor de esta actividad ni social ni económicamente. Tampoco incluye una sola mención a los caladeros históricos afectados por las zonas NOR 1, 2, 3, 4 y 5, y propone la creación de una única Declaración Inicial Estratégica (DIE) para los POEM de las cinco demarcaciones marinas, sin tener en cuenta las características geológicas, climatológicas, oceanográficas y biológicas claramente diferenciadas de las distintas costas (Atlántica, Cantábrica y Mediterránea).

Por tanto, no se puede entender que el Gobierno del Estado, con el consentimiento de la Xunta de Galicia, siga avanzando en la implantación de la eólica marina en el litoral gallego, sin tener en cuenta las actividades que ya están implantadas, que son el pilar básico de la economía de los municipios costeros de nuestro país, una actividad económica sostenible y fundamental en el mantenimiento de la soberanía y calidad alimentaria, que representan casi el 5% del PIB gallego en su conjunto, para apostar incondicionalmente y con los ojos cerrados por los intereses del oligopolio eléctrico, sacrificando el sector pesquero y la biodiversidad marina para favorecer un modelo depredador de los recursos de todos los gallegos.

Al mismo tiempo, el Gobierno del Estado también está impulsando la regulación del procedimiento de licitación competitiva para instalaciones eólicas marinas, en otro intento por acelerar la instalación. Así, en el Real Decreto 962/2024, de 24 de septiembre, por el que se regula la producción de energía eléctrica a partir de fuentes renovables en instalaciones ubicadas en el mar, aprobado en 2024, se prevé el desarrollo de este



procedimiento de licitación competitiva para otorgar simultáneamente a las instalaciones un régimen económico, la reserva de capacidad en un nudo específico de la red de transporte de energía eléctrica y la prioridad en el otorgamiento de la concesión para ocupar el dominio público marítimo y terrestre. En esta orden ministerial, ahora sujeta a consulta pública previa, se regularán el ámbito, potencia, plazos y criterios. Sin embargo, aún falta completar los informes, estudios y evaluaciones sobre el impacto socioeconómico y sobre el impacto sobre el medio natural y la biodiversidad marina, si bien se reconoce, una vez más, que la eólica marina flotante "no está lo suficientemente madura".

En definitiva, la eólica marina es una amenaza real, que supondrá, como ya ocurrió con la eólica terrestre en nuestro país, una profunda modificación del territorio y de la forma de vida en gran parte de Galicia. Avanzar sin contar con los preceptivos informes, estudios y evaluaciones de costes socioeconómicos y de impacto ambiental vulnera el principio de precaución y los derechos históricos del sector pesquero gallego.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Por qué el Gobierno del Estado sigue avanzando en la implantación de la eólica marina en la costa gallega con sometimiento a consulta pública previa por parte del Ministerio de Transición Ecológica de los documentos de los Planes de Ordenación del Espacio Marítimo de Segundo Ciclo y la orden de licitación competitiva pese a no contar con los preceptivos informes y estudios de impacto socioeconómico y ambiental?
2. ¿Qué valoración hace el Gobierno de la falta de informes científicos y de impacto socioeconómico sobre las zonas donde se prevé implantar instalaciones eólicas marinas en Galicia?
3. ¿Ha recibido alguna alegación o consideración por parte de la Xunta de Galicia en relación a estos dos procedimientos de consulta pública abierta? De ser así, ¿puede dar cuenta de su contenido?
4. ¿Ha establecido el Ministerio de Transición vías de diálogo o negociación con la Xunta de Galicia sobre los impactos ambientales y socioeconómicos que tendrá la implantación de la eólica marina en el litoral gallego? ¿Y qué pasa con los sectores afectados, especialmente el pesquero?
5. ¿Se detendrá el despliegue de la eólica marina, dado el fuerte impacto que tendrá sobre la riqueza económica producida por el sector pesquero en su conjunto en nuestro país y sobre la protección de la biodiversidad marina, al menos hasta que se aporten los informes científicos que avalen la falta de impacto sobre los ecosistemas



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



marinos y los que evalúen las consecuencias socioeconómicas que traería a nuestro país?

6. ¿Paralizará tanto el desarrollo de los POEM de segundo ciclo como la orden de regulación de la competencia competitiva?

Madrid, a 9 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 FEB. 2026 14:53:55

Entrada **98818**

Sobre o despregamento da eólica mariña na costa da Galiza e o impulso dos POEM de segundo ciclo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Portavoz adjunto



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo de Segundo Ciclo.**

A finais de 2025, daba comezo o procedemento para a avaliación ambiental ordinaria dos “Plans de ordenación do espazo marítimo de segundo ciclo”, incluíndo o trámite polo que se somete o borrador dos plans e o documento inicial estratéxico a consultas das Administracións Públicas afectadas e persoas interesadas.

Mais, aínda que os documentos citados recoñecen que “a tecnoloxía flotante non está tan madura como a de cimentación fixa”, ou que a información sobre a actividade pesqueira é “inexistente ou incompleta”, o Goberno do Estado quere acelerar definitivamente a instalación da eólica mariña nas zonas de alto potencial identificadas nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

E diante da consulta previa aos implicados que o Ministerio de Transición Ecolóxica leva a cabo para posteriormente elaborar a normativa que regule o procedemento de poxas das instalacións de eólica mariña, as declaracións do Goberno galego, por boca da súa conselleira de Economía e Industria, reclamando que a “Galiza sexa unha das primeiras comunidades onde comecen a desenvolverse as poxas” resultan vergoñentas e incomprensíbeis se a Xunta quere respectar e defender o futuro da actividade pesqueira e a salvagarda da biodiversidade.



Así, o Goberno galego ten afirmado en resposta escrita ao BNG que “desde un primeiro momento, a Xunta tivo claro que este desenvolvemento requiriría dunhas claras garantías de coexistencia e compatibilidade co medio mariño e coa actividade xa implantada, de maneira especial coa actividade pesqueira ... Por iso mesmo, antes de falar de proxectos concretos, a Galiza sempre quixo que o Goberno central despexara todas as dúbidas tras aprobar os POEM. Con independencia da información tida en conta no proceso de elaboración, si que desde a Xunta da Galiza se considera que a planificación dos espazos marítimos por parte do Goberno central se fixo sen un consenso real coa Xunta, co sector marítimo-pesqueiro e coa industria”, mais agora parece que o mesmo Goberno considera que xa desapareceron as dúbidas que se mantiñan após a aprobación dos POEM e que xa existen “claras garantías de coexistencia e compatibilidade co medio mariño e coa actividade xa implantada, de maneira especial coa actividade pesqueira”.

Nada máis lonxe da realidade, pois a Galiza segue a ser a primeira potencia pesqueira do Estado e unha das primeiras da UE ao tempo que a actividade marisqueira e mexilloeira esténdese por distintos puntos das nosas costas que estarían afectadas polas instalacións asociadas á eólica mariña, seguen sen achegarse informes (nin polo Goberno do Estado nin pola Xunta) sobre o impacto do desenvolvemento da eólica mariña no sector pesqueiro e nos ecosistemas mariños, mantense a clara afectación non só directamente sobre o sector pesqueiro senón tamén sobre as múltiples actividades económicas relacionadas con el, e segue sen terse en consideración que a Galiza xa cumpre os obxectivos de contribución renovábel á xeración eléctrica fixados no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC).

Ademais, máis unha vez, o documento do Goberno do Estado referido aos POEM de Segundo ciclo reflicte claramente a ausencia de estudos no relativo á pesca e marisqueo, fala da importancia do “sector económico” mais sen avaliar o valor desta actividade nin social nin economicamente. Tampouco recolle nin unha soa mención aos caladoiros históricos de pesca afectados polas zonas NOR 1, 2, 3, 4 e 5, e propón a realización dunha Declaración Inicial Estratéxica (DIE) única



para os POEM das cinco demarcacións mariñas, sen ter en conta as características xeolóxicas, climatolóxicas, oceanográficas e biolóxicas claramente diferenciadas das distintas costas (atlántica, cantábrica e mediterránea).

Así pois, non pode entenderse que o Goberno do Estado, coa anuencia da Xunta da Galiza, siga avanzando na implantación da eólica mariña na costa galega, sen ter en consideración as actividades que xa están implantadas, que son o pilar básico da economía dos concellos costeiros do noso país, unha actividade económica sustentábel e fundamental no mantemento de soberanía alimentar e de calidade, que representan no seu conxunto case o 5% do PIB galego, para apostar incondicionalmente e cos ollos pechados polos intereses do oligopolio eléctrico, sacrificando o sector pesqueiro e a biodiversidade mariña para favorecer un modelo depredador dos recursos de todos os galegos e galegas.

Paralelamente, o Goberno do Estado está a impulsar tamén a regulación do procedemento de concorrencia competitiva das instalacións eólicas mariñas, noutro intento por acelerar a instalación. Así, no Real Decreto 962/2024, de 24 de setembro, polo que se regula a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovábeis en instalacións situadas no mar, aprobado en 2024, prevese o desenvolvemento dese procedemento de concorrencia competitiva para outorgar simultaneamente ás instalacións un réxime económico, a reserva da capacidade nun nó concreto da rede de transporte de enerxía eléctrica e a prioridade no outorgamento da concesión de ocupación do dominio público marítimo terrestre. Nesta orde ministerial, sometida agora a consulta pública previa, regularanse a área, a potencia, os prazos e os criterios. Porén, segue faltando tamén, completar os informes, estudos e valoracións sobre a afección socio-económica e sobre o impacto no medio natural e na biodiversidade mariña, ao tempo que reconece, máis unha vez, que a eólica mariña flotante “non esta o suficientemente madura”.

En definitiva, a eólica mariña é unha ameaza real, que implicará, como xa pasou coa eólica terrestre no noso país, unha modificación profunda do territorio e do modo de vida en grande parte da Galiza. Avanzar sen ter os informes, estudos e



valoracións do custo socio-económicos e do impacto ambiental preceptivos, vulnera o principio de precaución e os dereitos históricos do sector pesqueiro galego.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Porqué segue a avanzar o Goberno do Estado na implantación de eólica mariña na Costa galega co sometemento a consulta pública previa por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica dos documentos dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo de Segundo ciclo e a orde de concorrencia competitiva a pesar de non contar cos informes e estudos sobre o impacto socio-económico e ambiental preceptivos?
2. Que valoración fai o Goberno da inexistencia de informes científicos e de impacto socioeconómico sobre as zonas onde está previsto implantar instalacións de eólica mariña en Galiza?
3. Recibiu algunha alegación ou consideración por parte da Xunta da Galiza en relación a estes dous procedementos de consulta pública previa abertos? De ser así, pode dar conta do seu contido?
4. Estabeleceu o Ministerio de Transición canles de diálogo ou negociación coa Xunta da Galiza sobre os impactos ambientais e socioeconómicos que terá a implantación da eólica mariña na costa galega? E cos sectores afectados, especialmente co sector pesqueiro?
5. Paralizará o despregamento da eólica mariña atendendo ao forte impacto que terá na riqueza económica que produce o sector pesqueiro no seu conxunto no noso país e na protección ou biodiversidade mariña, no mínimo, até achegar os informes científicos que avalen a falta de impacto nos ecosistemas mariños e os de avaliación das consecuencias socioeconómicas que traería para o noso país?



6. Paralizará tanto o desenvolvemento dos POEM de segundo ciclo como a orde de regulación da concorrência competitiva?

Madrid, a 9 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso